

# **Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por cemiterio municipal**

## ***ARTIGO 1. Fundamento e Natureza***

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19, e 20.4.p) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de Cemiterio Municipal, que se rexerá polas normas da presente Ordenanza fiscal.

## ***ARTIGO 2. Feito Impoñible***

Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como: ocupación dos panteóns ou sepulturas, de conformidade co previsto no Regulamento de Policia Sanitaria Mortuaria e no Decreto de sanidade mortuaria de Galicia sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

## ***ARTIGO 3. Suxento Pasivo***

Están obligados ao pago da taxa pola utilización do servizo de Cemiterio, en concepto de contribuíntes, as persoas que soliciten ou en cuxo interese redunden os servizos que constitúen o feito impoñible da taxa , entendéndose por tales, as persoas que se beneficien da prestación, e no seu caso, os titulares da autorización concedida.

## ***ARTIGO 4. Responsables***

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obligados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

## ***ARTIGO 5. Exencións e Bonificacións***

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei, coa sola excepción dos establecidos nos apartados seguintes:

- Gozarán dunha bonificación dun 50% na cota tributaria desta taxa, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934€.

Para o goce desta bonificación ditarase resolución da Concellaría de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

#### *ARTIGO 6. Cota tributaria e Tarifas*

A contía da taxa verá determinada con arranxo ás tarifas que figuren no anexo desta Ordenanza.

#### *ARTIGO 7. Devengo*

A taxa devéñase e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade administrativa.

Entenderase producido o inicio da actividade desde o momento da presentación da solicitude ou desde a data en que se inicien de oficio as actuacións administrativas ou técnicas constitutivas do feito imponible da presente taxa.

#### *ARTIGO 8. Declaración e Ingreso*

1.—Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

2.—As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de liquidación, aprobándose a correspondente liquidación mediante acordo do órgano competente, sendo notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso utilizando os medios de pago e os prazos que sinala a notificación remitida e a Lei Xeral Tributaria. En todo caso, o ingreso da taxa farase con carácter previo ao acordo de resolución do expediente en cuestión.

#### *ARTÍCULO 9. Infraccións e Sancións*

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolván.

#### *DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA*

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

## *A N E X O*

Concesión administrativa de dereitos Funerarios no Cemiterio de Gondomar, segundo o establecido no Regulamento do Servizo.

1º Concesións administrativa de nichos: 570,96 €

2º Transmisión de concesións, unha porcentaxe sobre o importe da concesión:

— Por heranza: 6%